



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, O ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E A FUNDACIÓN GALICIA SUSTENTABLE PARA O DESENVOLVEMENTO DA SENDA DOS FAROS

Santiago de Compostela, a 13 de maio de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, en calidade de presidente da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, en relación co Decreto 97/2018, que dispón o seu nomeamento como conselleiro de Cultura e Turismo e no exercicio das facultades que resultan do artigo 3 do Decreto 196/2012.

Doutra parte, D^a. Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e Presidenta do **Instituto de Estudos do Territorio**, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, e en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), de acordo co seu nomeamento polo Decreto 94/2018, do 26 de setembro, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 185, do 27 de setembro de 2018, en relación co establecido no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e co establecido no Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a



Xacobeo 2021



estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Doutra parte, D. Miguel Ángel Pérez Dubois, en representación da **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural**, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia km.3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de director xeral, en virtude de nomeamento realizado polo Decreto 41/2016, do 7 de abril (DOG núm.76 do 8.4.2016), e actuando en virtude do seu expresado cargo, e en virtude das facultades delegadas polo acordo da Presidencia da Agader do 11 de xullo de 2013 (DOG núm.148m do 05.08.2013).

E doutra, D. Marcos Pérez Gulín, en nome e representación da **Fundación Galicia Sustentable**, en calidade de presidente.

As partes recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración, a cuxos efectos

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Axencia Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Entre os seus obxectivos básicos atópase a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora de competitividade das empresas turísticas e a valorización do recursos turísticos, tal como establece o artigo 2 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro.

SEGUNDO.- Que o 27 de novembro de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta





de Galicia, tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española.

O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, e recentemente modificados polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, exerce, entre outras, as seguintes funcións:

- Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio, e en particular, o impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados.
- O impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación da paisaxe.



- Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, co fin de implementar as políticas de paisaxe na planificación urbanística e territorial .

- A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural, o que inclúe, en particular:

- Coordinación e difusión da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais e urbanísticos das diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma, así como o apoio técnico á difusión e formación de actuacións en materia de información xeográfica desenvolvidas pola Xunta de Galicia ou en coordinación con ela.

- Xestionar os sistemas de información corporativos vinculados ao territorio a partir das bases de datos cartográficas e espaciais existentes na consellería e no resto dos órganos da Administración xeral e entidades do sector público autonómico de Galicia que así o demanden, así como calquera outra información que se poida localizar sobre o territorio e que sexa susceptible de ser incorporada coa súa referencia xeográfica para a xestión da Infraestrutura de datos espaciais de Galicia (IDEG).

- Incentivar a innovación, a adopción e o desenvolvemento de tecnoloxías e infraestruturas propias no campo de información xeográfica do territorio galego. Así mesmo, abordarase a planificación e o desenvolvemento de servizos de valor engadido.

TERCEIRO.- Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en diante Agader) ten como finalidade mellorar a calidade e condicións de vida dos habitantes do medio rural ao tempo que contribúe á cohesión do territorio galego. As funcións de Agader previstas na Lei 5/2000, de 28 de decembro, e modificacións posteriores, establecen entre as funcións da axencia a de promover e incentivar a cooperación entre os axentes públicos e privados nos que as súas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das





zonas rurais. Ademais como ente público xestor do programa Leader en Galicia realiza as tarefas de apoio e de seguimento e control dos programas executados polos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) no noso territorio.

Tamén é a axencia que promove actuacións relacionadas coa diversificación económica e a creación e mantemento do emprego a través do apoio a actuacións de turismo rural, a produción de bens e servizos estratéxicos para a economía da zona rural, o apoio ao comercio nas zonas rurais e a información e formación profesional ocupacional e continua dos traballadores.

Agader pretende promocionar e conservar o patrimonio cultural do rural e desenvolver a actividade económica rural que permitan facer o medio rural un lugar mais atractivo e polo tanto favorecendo a fixación da poboación no campo galego, sendo as actuacións previstas interesantes dende o punto de vista da diversificación económica enfocada principalmente ao ámbito do turismo.

CUARTO.- Que a Fundación Galicia Sustentable é unha fundación privada de interese galego, constituída o 26 de decembro de 2008.

A Fundación ten como finalidade xeral o aproveitamento do potencial de Galicia e as súas xentes cara a sustentabilidade desenvolvendo os potenciais dos individuos e colectivos a través das súas accións, actividades e proxectos.

Segundo se establece no artigo 7 dos seus estatutos para a consecución dos seus fins a fundación organizará e levará a cabo actividades do seguinte tipo, entre outras:

- Actividades formativas, de divulgación do concepto da sustentabilidade tales como ciclos de conferencias, seminarios, cursos e congresos.
- Organizar actos públicos para a concienciación e para enviar mensaxes a prol da sustentabilidade á sociedade civil.



- Actividades culturais no marco da sustentabilidade como exposicións, concertos, charlas de divulgación cultural, ciclos de cine ou proxeccións puntuais de películas e documentais.
- Asesorar a institucións de carácter público e privado con competencias ou actuacións estratéxicas que poidan ter efectos sobre a sustentabilidade.
- Participar en proxectos de I+D+i que fomenten, profunden ou traten de facer unha contribución cara a sustentabilidade, en particular no referido á ordenación do territorio.
- Apoiar, a través da transferencia de coñecemento, iniciativas empresariais e proxectos de emprendedores que impulsen, difundan e favorezan coas súas actividades a sustentabilidade de Galicia.

(...)

QUINTO.- Que o Plan Estratéxico do Turismo 2020, establece como Reto 1: o territorio é o espazo de desenvolvemento da actividade turística, sinalando que desenvolver todo o potencial dos recursos de Galicia, que permiten construír un destino único e diferencial, artellado ao redor dunha Marca: Galicia. A sostibilidade do destino será o fío condutor na construción das liñas estratéxicas que se contemplan:

1. Paisaxe, recursos naturais e sostibilidade
2. Valores diferenciais e a súa potenciación
3. Mobilidade turística
4. Os camiños de Santiago como dinamizadores do país

A **Senda dos Faros** configúrase como un itinerario de interese paisaxístico, en coherencia coa natureza e as funcións que lle outorgan as Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de ordenación do litoral (POL). A Senda dos Faros mencionase nos principais documentos de Ordenación do Territorio de Galicia.

A citada Senda ten por obxecto fomentar o descubrimento do litoral, a valorización dos recursos territoriais e a lectura das paisaxes que se van percorrendo. Búscase, ao mesmo tempo, a conexión con outras rutas alternativas que percorren núcleos asentados na



contorna do seu percorrido e que ofrecen un rico patrimonio cultural e etnográfico, moitas veces descoñecido ou esquecido.

Mediante este percorrido preténdese establecer unha rede de sendeiros claramente delimitados, accesibles e seguros, para o uso e gozo da sociedade. Neste senso, resulta fundamental a articulación con outros percorridos xa establecidos no litoral galego.

Destacan pola súa historia e particularidade os diferentes Camiños de Santiago e, máis directamente co obxectivo da Senda, a existencia da ruta europea de Gran Percorrido que une San Petersburgo con Lisboa, posto que a incluíría na súa totalidade.

SEXTO.- Que a colaboración entre as partes asinantes responde ao interese común na promoción e posta en valor dos recursos turísticos da nosa Comunidade Autónoma, en concreto dos faros de Galicia, coa creación da citada Senda. Esta posta en valor e o atractivo turístico do proxecto constitúen o activo inmaterial que se obtén coa colaboración establecida no presente convenio, e a dinamización que implicará para as localidades e zonas polas que transcorre a Senda.

A Axencia Turismo de Galicia, o IET e Agader consideran axeitado colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio, por razóns de interese público e social, ao supoñer a valorización dos recursos turísticos da nosa Comunidade Autónoma e fonte de diversificación económica no medio rural.

Así mesmo, dado o obxecto do presente convenio só pode ser executado pola Fundación Galicia Sustentable, como entidade que deseñou a Senda dos Faros. No ano 2014 a Fundación Galicia Sustentable cos seus propios recursos comeza a deseñar, a partir de traballo de campo e tecnoloxías da información xeográfica, o trazado da Senda desde Tapia de Casariego (Asturias) ata a Ponte da Amizade na fronteira con Portugal. Deseñase a partir de 56 etapas, das cales 3 son insulares, tendo en conta aspectos paisaxísticos, de seguridade, de existencia de servizos, etc...



Por todo o exposto, as partes formalizan este convenio de colaboración, atendendo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto e accións

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, o IET, Agader e a Fundación Galicia Sustentable para o desenvolvemento do proxecto Senda dos Faros. O citado proxecto persegue xerar un modelo de xestión integrado que leve a unha maior identificación da cidadanía residente coa Senda dos Faros. Para elo levaranse a cabo un programa de actuacións e actividades que permitirán un achegamento gradual con tres niveis de aproximación:

1. Análise en gabinete:

Realización dunha caracterización cultural e paisaxística que permita un achegamento multiescalar á realidade da Senda dos Faros.

Estudo de fontes documentais e inventarios.

Proceso de selección e distribución territorial equitativa

2. Proceso de participación pública que permita a identificación de problemas, concreción de obxectivos e a definición de medidas e accións.

3. Modelo de xestión. Creación de grupos de traballo específicos que serán parte dun modelo de xestión por proxectos cun deseño que permita a consecución de resultados:

Proxecto EduCamiño: programa didáctico orientado a centros formativos, asociacións locais e a técnicos e profesionais da xestión turística.

Proxecto CoidaCamiño: acordos de custodia territorial e paisaxística.

Proxecto MetaCamiño: documentación de procesos e actividades realizadas a través dun proceso de gamificación.

Segunda.-Orzamento e financiamento



1. O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende 180.000€, que se distribúen en dúas anualidades 2019 e 2020, co seguinte desagregamento:

	2019	2020
Aprovisionamentos/Materiais	4000	5250
Servizos de profesionais independentes	51000	36000
1 programador web/móviles	4000	2000
1 programador GIS	4000	2000
1 diseñador gráfico/web	2000	1000
2 Titulados Superiores(1)	36000	27000
1 Técnico	5000	4000
Convenios con outras entidades	12000	29500
Gastos varios (impresión, videos, ...)		
(2)	6000	6000
Soldos e salarios	8000	5000
Seguridade Social a cargo da entidade	2.000	1250
Desprazamentos/Dietas/Alugueres	4000	4000
Gastos xerais da actividade	3000	3000
TOTAL	90.000€	90.000€

2. O proxecto desenvolverase nas **seguintes fases**:

Fase I .- ELABORACIÓN DO ANTEPROXECTO: CONSOLIDACIÓN TRAZADO, INFORMACIÓN E CONTIDOS: 50.000€

1. Dirección proxecto

2. Deseño da metodoloxía e deseño de accións

3. Revisión documental e bibliográfica




4. Análise do contexto territorial e paisaxístico
5. Inventario natural e patrimonial
6. Análise de iniciativas locais. Estudio das sinerxias. Elaboración de listado de proxectos locais de interese (ambientais, culturais, empresariais) na procura de interacción coa Senda dos Faros.
7. A percepción do territorio: as contribucións artísticas
8. Análise e selección de axentes locais: selección de entidades de colaboración (educativa, ambiental e cultural)

FASE II. COMPROBACIÓN EN CAMPO DO TRAZADO: 40.000€

- 1.- Dirección do proxecto
- 2.- Deseño e Elaboración de contidos: Unidades didácticas para alumnado, Ferramentas TIC para alumnado e profesorado, Deseño talleres STEAM, Deseño dunha aula invertida e dun sistema de recollida e intercambio de información en colaboración coas entidades vinculadas.
3. Desenvolvemento da plataforma Dixital : Portal web, Aplicación xeográfica, App móbiles, redes Sociais, Adecuación de contidos
4. Publicacións: Deseño e elaboración da Guía Senda dos Faros, Deseño e elaboración de outros materiais

FASE III. ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN. Proxecto EducaSenda: 20.000€

Unidades didácticas e ferramentas TIC: Implantación das ferramentas no itinerario académico dos centros educativos seleccionados coa impartición de aulas presenciais en colaboración coa comunidade educativa.





Talleres STEAM: Realización de talleres STEAM nunha entidade educativa colaboradora do proxecto.

Aulas invertidas: Realización de xornadas de percorrido interpretativo e de intercambio de coñecemento por un tramo seleccionado da Senda dos Faros.

FASE IV. ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN. "Encontros cos axentes: Xornada de presentación do proxecto ante entidades: 20.000€,

Realización de encontros e entrevistas con stakeholders para establecer diálogos entre a paisaxe cultural que supón a Senda dos Faros e os diversos axentes territoriais residentes.

Encontros cos axentes: Creación do documento de colaboración e firma de convenios.

Custodia do territorio: Promover acordos de custodia territorial coas asociacións localizadas nas diversas etapas da Senda dos Faros mediante iniciativas de voluntariado ambiental e a realización de xornadas de concienciación.

Percorridos-Derivas territoriais: Deseño de percorridos interpretativos que mostren os valores territoriais da contorna da Senda dos Faros.

Percorridos-Derivas territoriais: Organización de actividades de recoñecemento territorial con grupos locais que permitan a interacción cos diversos elementos da contorna da Senda dos Faros.

Coworking: Realización de encontros con proxectos locais preexistentes na procura de intercambio de coñecemento, atendendo especialmente a aqueles vinculados á xestión do territorio e a preservación do patrimonio.

FASE V. ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN. Proxecto Metasenda: 20.000€

Cartografía: Creación de cartografías técnicas e cartografías emocionais sobre a Senda dos Faros no marco de convenios de colaboración con entidades.





Audiviauais: Organización dun concurso de creación audiovisual entre os diversos centros educativos no que a temática sexa a Senda dos Faros ou ficcións que teñan neste itinerario no marco de convenios de colaboración con entidades.

Robótica: Realización de prácticas de robótica coa que inclúan o deseño de estruturas e de mecanismos de iluminación co dominio de nocións básicas de óptica no marco de convenios de colaboración con entidades.

Fase VI. ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN Teatralización de contidos:
20.000€

Deseño e adaptación de contidos exclusivos sobre patrimonio material e inmaterial vinculado á Senda dos Faros para a súa representación nos Faros e representación dos mesmos.

FASE VII. Exposición Senda dos Faros: 10.000€

Elaboración dos contidos, dirección e montaxe da exposición e desmontaxe.

As fases I e II realizaranse no ano 2019 e o resto no ano 2020.

3. Do orzamento total, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades cun importe máximo de 100.000€ (50.000€ por anualidade), con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.640.0, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para Galicia para os anos 2019 e 2020.

Pola súa banda, Agader achegará a contía de 80.000€ (40.000€ por anualidade), con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A.640.4, proxecto 2017 00003, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para Galicia para os anos 2019 e 2020.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos importes de ambas as dúas entidades a favor da Fundación, unha vez esta presente a documentación xustificativa establecida no presente convenio.





O importe que se compromete a achegar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural será obxecto de retención de crédito e baixa na aplicación máis arriba indicada. O citado orzamento será ampliado no orzamento da Consellería de Cultura e Turismo, aplicación 04.10.761A.732.12 código de proxecto 2015 00635, con correlativa ampliación no orzamento da Axencia Turismo de Galicia, na aplicación orzamentaria 11.A2.761A.640.0, código de proxecto 2013 00004, do orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2019 e 2020.

En todo caso, as achegas que fan a Axencia Turismo de Galicia e Agader para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a Fundación obteña beneficio ou lucro industrial algún coas mesmas.

Terceira.- Compromisos das partes.

1. Compromisos da Fundación:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia e de Agader en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Incluír a “Marca Turística de Galicia” nas actuacións obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turgalicia.es/marca01s os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso. Así mesmo, deberá incluírse a marca Xacobeo 2021, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).





- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.”

2. A **Axencia Turismo de Galicia e Agader** comprométense a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través da realización do investimento previsto na cláusula segunda.

Así mesmo, a Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no deseño das accións de valorización e promoción velando polo respecto ao obxecto da Senda en coherencia cos instrumentos de ordenación do territorio vixentes.

3. Pola súa banda, o **Instituto de Estudos do Territorio**, asume os seguintes compromisos:

1. Apoio e asesoramento aos traballos de análise e planificación das accións.

2. Apoio na revisión documental, análise e inventario de información.

3. Aportar a información xeográfica dispoñible dentro do sistema de información xeográfica corporativa para o desenvolvemento dos traballos. En concreto as bases topográficas para a xeración de cartografía temática do proxecto.

4. Asesoramento segundo os criterios marcados polo equipo de execución dos traballos a realización de análises con Sistemas de Información Xeográfica.

5. Difusión da información xerada dentro das accións do proxecto a través da web do IET.

6. Exercer a coordinación, supervisión, e seguimento dos compromisos do IET obxecto deste acordo, a cuxo efecto designarán uns/unhas técnicos/as con capacidade de decisión, que dirixirá e supervisará os traballos.





As actuacións derivadas dos compromisos do Instituto de Estudos do Territorio serán asumidas coa dedicación parcial do persoal propio mediante a participación de un/unha funcionario do grupo A1, dous titulados/as superiores especialistas en paisaxe e/ou SIX, un/unha titulado/a medio especialista en paisaxe e/ou SIX e un/unha operador SIX.

Segundo as tarifas para o Instituto de Estudos do Territorio aprobadas con data 26/02/2019 pola comisión paritaria son equivalentes a 31.617,00 €.

Cuarta.- Inexistencia relación laboral

A subscrición deste convenio non implica relación laboral de ningún tipo entre a Axencia Turismo de Galicia e Agader, e as persoas que realizasen as actuacións obxecto do mesmo, de xeito que non se lles poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

Quinta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional, elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por todas as partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia e Agader, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do





convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Sexta.- Xustificación e pago

1.- A achega prevista na cláusula segunda será librada pola Axencia Turismo de Galicia previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, a través da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio, e da publicidade da colaboración da Axencia Turismo de Galicia e Agader.
- Facturas xustificativas dos gastos realizados.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
- Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2º.- O prazo para a presentación da citada documentación xustificativa remata o **15 de outubro de 2019** e o **15 de outubro de 2020**, respectivamente para cada unha das anualidades.

En todo caso, unha vez rematadas cada unha das fases que se establecen na cláusula segunda, e previa presentación da documentación xustificativa prevista no número 1º desta cláusula, realizarase o pagamento do importe correspondente á citada fase, previa comprobación e conformidade das actuacións desenvolvidas.

3º.- A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total





inicialmente previsto neste convenio, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

4º.- A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Sétima.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Modificación e resolución do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola



Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio e autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio.



O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais datos recollidos no presente acordo no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo primeira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).






Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo segunda.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio.



Pola Axencia Turismo de Galicia

O presidente

Román Rodríguez González

Por AGADER

O director xeral



Miguel Ángel Pérez Dubois

Polo IET

A presidenta

Angeles Vázquez Mejuto

Pola Fundación Galicia Sustentable

O presidente

Marcos Pérez Gulín

